

AUTORIZACIÓN MENORES

A participación dos menores de idade condiciónase a esta autorización do seu pai/nai o titor/a legal.

DATOS DO PAI/NAI OU TITOR/A LEGAL:
NOME E APELIDOS: _____
DOMICILIO: _____ DNI: _____
TELÉFONO 1: _____ TELÉFONO 2: _____
DATOS DO AUTORIZADO MAIOR DE IDADE: (no caso de habelo)
NOME E APELIDOS: _____
DOMICILIO: _____ DNI.: _____
TELÉFONO 1: _____ TELÉFONO 2: _____
DATOS DO MENOR AUTORIZADO:
NOME E APELIDOS: _____
DATA DE NACEMENTO: _____ DNI: _____

No caso de que o menor teña unha idade inferior a:

- 16 anos para a actividade da Conquista do Miño
- 14 anos para a actividade de Habelas Hailas
- 10 anos para o resto das actividades organizadas pola Asociación Arraianos

é requisito que sexa acompañado por unha persoa maior de idade debidamente autorizada, no caso de non asistir o responsable legal.

Declaro que coñezo a normativa da actividade e que o meu fillo/a ou tutelado/a reúne as condicións físicas e requisitos médicos necesarios para a realización desta actividade.

Expreso o meu consentimento para que poida ser inscrito e son consciente dos riscos que isto pode implicar.

De igual modo, asumo toda responsabilidade que se derive de calquera acción indebida na que o meu fillo/a ou tutelado/a incorra durante a participación na actividade, proclamándome responsable único das damnificacións provocadas.

Así mesmo, acepto que se a organización non localiza á miña persoa xunto ó menor, se este ten menos da idade marcada para a respectiva actividade, ou á persoa maior de idade autorizada no presente formulario, deberá procederse á expulsión inmediata quedando exonerada a responsabilidade da promoción da custodia do menor.

AUTORIZACIÓN MENORES

CESIÓN DE DEREITOS DE IMAXE Á ASOCIACIÓN CULTURAL ARRAIANOS (en adiante ARRAIANOS):

NOME DO PAI/NAI OU TITOR LEGAL: _____ DNI: _____

MANIFESTO A MIÑA CONFORMIDADE EXPRESA E AUTORIZACIÓN para que ARRAIANOS poida empregar indistintamente todas as imaxes, fotografías, vídeos con voz, material gráfico, etc., (en adiante “as imaxes”) ou parte das mesmas nas que o meu fillo/tutelado interveña como modelo, entrevistado ou participante secundario e incluílas no sistema de tratamento, titularidade de ARRAIANOS, cuxa finalidade é a comunicación, promoción, publicidade e difusión das Imaxes na páxina web, redes sociais e demais soportes, físicos ou dixitais, de ARRAIANOS, sen dereito pola miña parte a recibir compensación económica algunha.

ARRAIANOS exímese de responsabilidade sobre calquera uso que faga un terceiro das Imaxes fora do ámbito territorial, temporal e material obxecto da presente autorización.

PROTECCIÓN DE DATOS: De conformidade co establecido na normativa vixente en Protección de Datos de Carácter Persoal, informámoslle que os datos persoais obtidos mediante a cumprimentación deste formulario/autorización serán incorporados ó sistema de tratamento titularidade da Asociación Arraianos, con CIF.: G-94159217 e enderezo social na rúa Calvo Sotelo nº 15, 36700, Tui (Pontevedra), coa finalidade de xestionar a participación das actividades da asociación. Os seus datos serán conservados durante o prazo estritamente necesario para cumprir cos preceptos mencionados con anterioridade ou durante os anos necesarios para cumprir coas obrigacións legais. Os datos non serán cedidos a terceiros, salvo nos casos nos que exista unha obrigación legal.

Mentres non nos comunique o contrario, entenderemos que os seus datos non foron modificados, que vostede se compromete a notificarnos calquera variación e que temos o seu consentimento para empregarlos para as finalidades mencionadas.

Así mesmo, informámoslle que se procederán a tratar os datos de maneira lícita, leal, transparente, adecuada, pertinente, limitada, exacta e actualizada. Para isto comprometémonos a adoptar as medidas razoables para que estes suprimanse ou se rectifiquen sen dilación cando sexan inexactos.

De acordo cos dereitos que lle confire a normativa vixente en protección de datos, poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, limitación de tratamento, supresión, portabilidade e oposición ó tratamento dos seus datos de carácter persoal, así como ó consentimento prestado para o tratamento dos mesmos, dirixindo a súa petición ó enderezo postal rúa Calvo Sotelo nº 15, 36700, Tui (Pontevedra) ou ó correo electrónico info@asociacionarrainos.es, en ámbolos casos a través dun escrito asinado para ese efecto e achegando copia do seu DNI.

Se considera que o tratamento non se axusta á normativa vixente, poderá presentar unha reclamación ante a autoridade de control en agpd.es.

En Tui, a _____ de _____ do 201_

Asinado pai/nai ou titor/a legal: